

Ana María Cacharrón Castelos, secretaria xeral do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, con data xoves 16 de maio de 2019, o Pleno do Concello de Bergondo, en sesión extraordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

“8. MODIFICACIÓN 3ª DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Antes de dar lectura á proposta, xustifica a Sra. alcaldesa a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día, do que se falou pero non foi debatido na Comisión Informativa do pasado día 13 de maio.

De conformidade co disposto nos artigos 82.3 e 97.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese ao voto do Pleno a ratificación da inclusión do punto 6 na orde do día; e por unanimidade de votos a favor (12), - cinco do grupo municipal do PSdG-PSOE; tres do grupo municipal de Veciños de Bergondo; un do grupo municipal do Partido Popular; e tres dos concelleiros non adscritos - Sr. Fariña Pedreira, Sr. Babío Veiga, e Sra. Sanjurjo Seijas- o Pleno ratifica a inclusión do asunto na Orde do día.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“O Pleno do Concello de Bergondo, aprobou en sesión plenaria do 27.09.2012, a Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica Municipal, publicada no BOP núm 227 do 28.11.2012; aprobou tamén dúas modificacións puntuais, a primeira no pleno do 18 de decembro de 2014, publicada no BOP núm. 60 do 31.03.2015, para a adaptación da Ordenanza á facturación electrónica; e a segunda en sesión do 26 de outubro de 2017, publicada no BOP núm. 22 do 31.01.2018, sobre adecuación da ordenanza á tramitación electrónica íntegra dos expedientes de contratación e posta en marcha das notificacións electrónicas no Concello de Bergondo, sinalando os obrigados a relacionarse electrónicamente coa admnistacións, ao abeiro do disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015.

Na redacción orixinaria, a ordenanza reguladora da administración electrónica municipal, preveseu a creación da sede electrónica municipal, dispoñible para os cidadáns, de titularidade municipal, correspondente á dirección de referencia <https://sede.bergondo.es>.

*En orde a levar a cabo o cambio de dominio, faise preciso adoptar formalmente o cambio polo órgano competente e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, en orde a solicitar un novo certificado de **sede electrónica** para o cal o proveedor (Camerfirma) esixe o acordo e a súa publicación, segundo comunican dende a Deputación Provincial.*

Considerando que o enderezo electrónico (URL) de referencia da páxina web municipal (www.bergondo.es) foi modificado para incorporar o dominio.gal (www.bergondo.gal), debe existir unha correspondencia co enderezo electrónico da sede electrónica.

Considérase pois, que en aras a adecuar estes aspectos indicados, debe recollese a previsión citada no seu articulado, aínda que dándolle efectividade inmediata ao cambio de dominio, por mor do exposto anteriormente.

Esta alcaldía, propón ao Pleno do Concello de Bergondo, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. *Modificar o enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do concello de Bergondo, que pasará a ser: sede.bergondo.gal.*

A citada modificación terá efectos inmediatos, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e tramitando perante a Deputación Provincial un novo certificado de Sede e Selo da Sede Electrónica do Concello de Bergondo, co novo enderezo electrónico de referencia.

Segundo. *Aprobar Ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a modificación 3ª da Ordenanza Municipal reguladora da Administración Electrónica do Concello de Bergondo co contido que se transcribe como anexo deste acordo.*

Terceiro.- *Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste concello.*

Cuarto.- *No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

Quinto.- *Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, entrando en vigor unha vez que transcorra o prazo de quince días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.*

ANEXO

MODIFICACIÓN 3ª DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Modificar o artigo 4.1 que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 4. Sede electrónica

1. *A sede electrónica municipal é a dirección electrónica dispoñible para os cidadáns, correspondente á dirección de referencia <https://sede.bergondo.gal> Esta é accesible directamente, a través do portal do Concello <http://www.bergondo.gal>, así como a través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña <https://sede.dacoruna.gal> que se atopa no portal da Deputación Provincial <http://www.dacoruna.gal>
(...)*

Bergondo, 13 de maio de 2019

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de

Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: un (1) voto a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e praxe da alcaldesa.

Bergondo, o 16 de maio de 2019.

A secretaria
Ana María Cacharrón Castelos

Vº. Praxe. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez